

Un ágora de creación literaria

A Asociación de Escritores en Galego ofrece un obradoiro de escritura no centro do Ventorillo

Manuel Varela

A CORUÑA

Entre o 2 de maio e o 20 de xuño, o centro sociocultural Ágora volverá ser un espazo para todos os cidadáns, unha fiestra aberta ao laboratorio das plumas. A poetisa Dora Tembrás impartirá alí o obradoiro de creación literaria *A escrita do poema: dende a reflexión ao sen alento*. Unha actividade organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega (Aelg) que foi presentada onte polo seu presidente, Cesáreo Sánchez, e a autora na librería Nova Colón.

“A nosa intención é dar un paso máis alá do que adoitan ser os clubs de lectura”, agoira o presidente da Aelg. As xornadas que se desenvolverán baixo as directrices de Tembrás tentarán dispor exercicios para todo tipo de públicos. Por unha banda, afianzar

os puntos fortes dos que estean máis preparados, mentres que polo outro, incentivar a creación aos que se amosen máis débiles. Un obradoiro coa firme intención de “incentivar a lectura e facer que as persoas aprendan a escribir”.

O material co que se traballará nestas xornadas virá dos traballos realizados por poetas de diferentes xeracións, “dándolle maior relevancia aos literarios galegos”, salienta Sánchez. Serán oito encontros de dúas horas nas que as figuras da literatura galega contemporánea cobrarán especial relevancia, permitindo coñecer así a variedade de estilos e abordaxes ao acto creador.

A primeira das sesións xa viu como o número de prazas era completado en cuestión de día e medio, aínda que a inscrición gratuíta segue aberta para o resto de días ata hoxe. O éxito de afluencia permite continuar a estela dos dous pri-



O escritor Cesáreo Sánchez e a poetisa Dora Tembrás, onte na librería Nova Colón. / IRIA FERNÁNDEZ

meiros obradoiros dirixidos por Antía Otero e Yolanda Castaño, respectivamente.

As aulas contarán cun máximo de vinte participantes, aínda que agárdase que en próximas edicións sexa posible aumentar o número de

participantes e distribuír as quen- das en función do xénero literario. Unha iniciativa que a Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega leva desenvolvendo en varias cidades galegas e que no Ágora recolle a testemuña deixa-

da tralo festival Coruña Mayúscula celebrado no pasado mes de marzo. O centro cultural constitúese nun dos referentes en materia de creación literaria da cidade, albergando a partir deste xoves a futuras promesas da literatura galega.